



**mocidade
coruña**

→ **ANTENAS DE INFORMACIÓN XUVENIL BOLETÍN SEMANAL
DO 18 AO 24 DE NOVEMBRO_2024**

BOLETÍN SEMANAL DE CONVO- CATORIAS

ACTIVIDADES, BOLSAS, CONCURSOS...



Concello da Coruña



ACTIVIDADES

Do 15/11/2024 ao 07/12/2024 (diferentes prazos de inscrición para cada actividade)

Nocturnia | edición outono 2024

Nocturnia é un programa de ocio saudable para a xuventude organizado polo Servizo de Mocidade da Concellaría de Benestar Social do Concello da Coruña, que recibe financiamento do Ministerio de Sanidade a través do PNSD. Ofrece unha serie de actividades gratuítas para que a xente moza, de 12 a 30 anos, as teñades en conta á hora de planificardes as vosas fins de semana.



[+ INFO](#)

21/11/2024

Seminario informativo sobre Voluntariado Europeo

A Fundación Paideia organiza un novo seminario informativo para explicar en que consiste o programa de Voluntariado Europeo, un proxecto enmarcado dentro do Corpo Europeo de Solidaridade. As persoas asistentes poderán ademais plantexar preguntas e aclarar dúbidas.



[+ INFO](#)

21/11/2024

Conferencia "Sport vs. Bullying" en Afundación

Afundación acolle, dentro do ciclo Educación S.XXI, a conferencia "Sport vs. Bullying" a cargo de Jero García, presidente da Fundación FAID de axuda á integración a través do deporte. Jero García, que viviu o acoso en primeira persoa, compartirá a súa experiencia nesta conferencia.



[+ INFO](#)

22/11/2024

Día internacional da música: Lucía Aldao

No marco do proxecto expositivo "Simultánea", Afundación celebra o Día Internacional da Música o próximo 22 de novembro con sete concertos simultáneos nas súas salas de exposicións. Na Coruña a protagonista será Lucía Aldao presentando o seu terceiro EP "Pava".



[+ INFO](#)



ACTIVIDADES

22/11/2024
Bravú XXX

O Teatro Colón será o escenario da celebración do trinta aniversario do Bravú, coa proxección do filme documental "Bravú XXX", producido por Nós Televisión e presentado e co-guionizado por Xurxo Souto, e co concerto da Orquestra Bravú Xangai con colaboracións musicais moi especiais.



[+ INFO](#)

23/11/2024
Nonviolencia Activa Fest

O Centro Sociocultural Ágora acollerá a 2ª edición do Nonviolencia Activa Fest, un evento organizado pola asociación Mundo Sen Guerras e Sen Violencia da Coruña no que se poderá gozar do talento musical, plástico e poético de máis dunha treintena de artistas.



[+ INFO](#)

23/11/2024
Body Talk. Blues de Medianoite

"Body Talk" é un ciclo arredor da performance organizado pola Asociación Cultural Ais. Cada sesión do ciclo comeza coa execución dunha performance a cargo dun/ha artista convidado/a, tras o que se establecerá un faladoiro. Nesta ocasión será a A.C. Alexandre Bóveda a que acollerá o espectáculo "Blues de Medianoite", a cargo de Alba Fernández, seguido dun faladoiro con Carmela Galego.



[+ INFO](#)

23/11/2024
Charla: Que telescopio merco?

Charla organizada pola Agrupación Astronómica Ío que terá lugar no planetario da Casa das Ciencias.



[+ INFO](#)



ACTIVIDADES

30/11/2024

“Un médico na aldea”

O auditorio do Centro Sociocultural Ágora acolle este espectáculo musical que adapta o libro de relatos, de carácter autobiográfico, de Manuel Reimóndez Portela "Un médico na aldea", interpretado pola agrupación Tequexetéldere e a Escola Municipal de Artes Escénicas da Estrada.



[+ INFO](#)

Do 02/12/2024 ao 07/12/2024

Fanzine Fest 2024

Chega unha nova edición do festival de música electrónica de vangarda Fanzine Fest, promovido por Fanzine Project, que xuntará en diferentes espazos da cidade a figuras destacadas da música electrónica e as artes visuais nunha ampla programación de música en directo e proxeccións audiovisuais.



[+ INFO](#)

Do 17/01/2025 ao 20/01/2025 (inscricións: ata o 02/12/2024)

Campaña da Neve 2025

A Área de Deportes da Deputación da Coruña convoca a Campaña da Neve 2025, prazas para a estación invernal de Valgrande-Pajares (Asturias) destinadas á mocidade dos concellos da provincia. O Concello da Coruña, que dispón dun total de 29 prazas, abre de novo o prazo de solicitude para empadronadas/os entre 11 e 15 anos.



[+ INFO](#)



BOLSAS E AXUDAS

Inscripción: ata o 28/02/2025

Premios Dádorís ao Mérito e Liderado para mozos preuniversitarios

A Fundación Dádorís abre o prazo de solicitude da 8ª convocatoria dos Premios ao Mérito e Liderado 2025-2026, destinados a mozos de bacharelato con excelentes resultados académicos, en situación económica precaria (Limiar 1 Administración) e que queren cursar estudos superiores nunha universidade española.



+ INFO



CONCURSOS E PREMIOS

Inscrición: ata o 08/12/2024

XVI Encontro de Teatro Afeccionado de Betanzos

A Agrupación Teatral Mariñán e o Concello de Betanzos, que organizan anualmente o Encontro de Teatro Afeccionado, abren o prazo de selección de obras para a XVI edición, que se celebrará en febreiro de 2025.

[+ INFO](#)



Inscrición: ata o 13/12/2024

XXVI certame de cartas de amor de Leioa

O Concello de Leioa convoca o XXVI Certame de Cartas de Amor co obxectivo de fomentar este xénero literario como ferramenta de comunicación dos sentimentos.

[+ INFO](#)



Inscrición: ata o 15/12/2024

III Certame Literario Mundo Rural

A asociación Se Ha Escrito Un Libro, a editorial La Mala Suerte e a revista literaria El Gato Negro convocan un concurso de relatos curtos coa finalidade de poñer en alza os valores e a actividade cultural nos pequenos pobos, a través das súas xentes.

[+ INFO](#)



Inscrición: ata o 30/12/2024

Premio Xohana Torres de Ensaio, Investigación e Creación Audiovisual

O Premio Xohana Torres sobre as mulleres na sociedade galega, foi instituído polo Concello de Santiago de Compostela no ano 1993 co obxecto de contribuír no coñecemento e visibilización das mulleres que destacaron nalgún eido, tanto na actualidade como no pasado, na vida da nosa comunidade.

[+ INFO](#)



Inscrición: ata o 30/12/2024

IX Certame de Relatos da Fundación Pintor Julio Visconti

A Fundación Pintor Julio Visconti, organización privada, non lucrativa, con domicilio social na cidade de Guadix, convoca o IX Certame de Relato.

[+ INFO](#)





CONCURSOS E PREMIOS

Inscripción: ata o 31/12/2024

46º Premio de Poesía "Arcipreste de Hita"

A área de Cultura do Concello de Alcalá la Real convoca unha nova edición do certame de poesía nova "Arcipreste de Hita", coa colaboración de Fundación Caixa Rural de Jaén.

[**+ INFO**](#)





CURSOS

28/11/2024 (inscrición: ata o 26/11/2024)

Xoves de Achegas na Nave03: Falarnos bonito. Comunicación non violenta

A miúdo escoitamos termos como a responsabilidade emocional, a comunicación asertiva ou o bo trato. Sabemos realmente comunicarnos tendo en conta os nosos sentimentos e coidando das demais persoas? Esta actividade participativa afonda nas estratexias da Comunicación Non Violenta (CNV).



+ INFO

Inscrición: ata o 09/12/2024

Xuventude Mentoring

Xuventude Mentoring é un programa integral de formación e mentoring promovido pola Xunta de Galicia, en colaboración CIXUG, para apoiar e acompañar ás persoas mozas na súa transición á vida laboral tras rematar os seus estudos de grao, de formación profesional superior ou estudos superiores en ensinanza de réxime especial.



+ INFO

Do 09/12/2024 ao 08/01/2025 (inscrición:
ata o 09/12/2024)

Psicoloxía do Bullying: Análise do fenómeno e estratexias para a súa abordaxe

Neste curso, da aula UNED de Ferrol, traballaranse contidos vinculados ao Bullying e o seu desenvolvemento, a conceptualización desde a psicoloxía e a súa implicación no ámbito profesional. A asistencia pode ser en liña en directo ou en diferido.



+ INFO

VARIOS

Do 22/11/2024 ao 24/11/2024

Persoas voluntarias para a Gran Recollida de Alimentos

O Banco de Alimentos Rías Altas busca persoas voluntarias para a Gran Recollida de Alimentos 2024 na Coruña que terá lugar do 22 ao 24 deste mes.

[**+ INFO**](#)



Desde o 02/11/2024

Espazo para a mocidade no Centro Cívico de Castrillón

Proposta de lecer alternativo para os sábados destinada á mocidade con idades comprendidas entre os 12 e os 17 anos no Centro Cívico de Castrillón.

[**+ INFO**](#)



CONTACTO

Servizos de Información Xuvenil do Concello da Coruña

Espazo de Información Xuvenil Fórum Metropolitano

Rúa Río Monelos, 1. 15006 A Coruña
Tel.: 981 184 294

Espazo de Información Xuvenil Centro Ágora

Lugar Gramela 17. 15011 A Coruña
Tel.: 981 189 888 (ext. 34324 / 34325)

Espazo de Información Xuvenil Naves do Metrosidero

Av. do Metrosidero, Nave 3. 15001- A Coruña
Tel.: 981 189 895 (Ext. 10701/10702)



606 362 366



cmix@coruna.gal



coruna.gal/informacionxuvenil



[Facebook coruna.gal/informacionxjuvenil](https://www.facebook.com/coruna.gal/informacionxjuvenil)



X